



## BASES DO CONCURSO DO CARTEL DAS FESTAS DE SAN XOÁN 2019

**1ª.- FINALIDADE:** É obxecto do presente concurso a selección do cartel que anunciará as festas de San Xoán 2019, organizadas pola Comisión de Festas de San Xoán, e que se celebrarán no municipio de Carballo entre o 21 e o 30 de xuño de 2019.

**2ª.- NÚMERO DE OBRAS E TEMA:** Poderán participar neste Concurso todas as persoas que o desexen. Cada autor/a só poderá presentar unha obra.

Non poderán participar os/as concursantes que resultaran gañadores/as nas últimas dúas edicións deste concurso.

A técnica a utilizar será libre dentro dos límites usuais para permitir unha normal reprodución fotomecánica.

As obras serán inéditas e os motivos do deseño son libres, se ben deberá figurar o seguinte lema:

**SAN XOÁN 2019  
do 21 ao 30 de XUÑO  
CARBALLO**

**3ª.- FORMATO:** O cartel **realizarase en vertical**, e o seu tamaño deberá estar comprendido **entre 40 e 55 cm de base e 55 e 75 cm de altura**.

**4ª.- PREMIO:** A dotación do premio é de **450 €** e está patrocinada por **OPTICALIA ENRÍQUEZ**

Á contía do premio aplicaráselle a retención fiscal correspondente.

Poderá solicitárselle ao gañador/a que adapte a imaxe a distintos formatos publicitarios e incorpore logos.

**5ª.- FORMA DE PRESENTACIÓN:** Nos carteis non deberá constar o nome do/a autor/a, figurando na parte posterior o pseudónimo empregado. Cada traballo irá acompañado dun sobre pechado, que no exterior levará escrito o pseudónimo do/a autor/a, e no interior o nome completo do autor/a, enderezo, teléfono, enderezo electrónico e pseudónimo empregado.

**6ª.- PROCEDEMENTO E PRAZO DE PRESENTACIÓN:** Os traballos deberán presentarse na Concellaría de Cultura do Concello de Carballo, persoalmente ou por correo certificado, **entre o 15 de marzo e o 17 de abril** de 2019. No exterior do sobre que conteña o cartel deberá constar:

### CONCURSO DO CARTEL DAS FESTAS DE SAN XOÁN 2019

Concellaría de Cultura

Concello de Carballo

Pazo da Cultura

Rúa do Pan, s/n 15100 Carballo (A Coruña)

**7ª.- XURADO:** O xurado estará constituído por un mínimo de catro membros da Comisión de Festas e un representante do Concello de Carballo.

A decisión do xurado é inapelable e adoptarase por maioría simple entre os seus membros. O xurado resérvase o dereito de declarar deserto o concurso.

**8ª.- DEVOLUCIÓN DE OBRAS:** Os orixinais que non resulten premiados poderán recollerse no Pazo da Cultura previa solicitude entre o 15 de xullo e o 30 de agosto de 2019, previa solicitude. Despois desta data entenderase que os autores renuncian aos mesmos.

**9ª.- DEREITOS DE AUTORÍA:** A Comisión de Festas resérvase o dereito de publicar a obra premiada. Neste sentido, o/a autor/a renuncia a favor do Concello de Carballo a calquera tipo de remuneración polos seus dereitos de autor. A participación neste concurso supón a plena aceptación das presentes bases.

**10ª.- ENTREGA DO PREMIO:** O/A autor/a premiado/a comprométese a estar presente no acto de entrega do premio.

**PREMIO 450 €** patrocinado por  
**OPTICALIA ENRÍQUEZ**

**PRAZO DE ENTREGA  
ATA O 17 DE ABRIL**